



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

Xefatura Territorial

Avenida da Habana, 79, 1  
32071 Ourense  
988 386 412 / 988 386 413  
asociacions.ourense@xunta.gal



MARÍA TERESA PEREIRA GONZÁLEZ  
asociación ALCER-ORENSE  
R/ RECAREDO PAZ, 1  
32005 OURENSE (Ourense)

**Asunto:** Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 15/10/2020 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por Dona MARÍA TERESA PEREIRA GONZÁLEZ en nome e representación da **asociación ALCER-ORENSE**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1982/000277-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 22/09/2020, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

| ÓRGANO DE GOBERNO | NOME E APELIDOS             |
|-------------------|-----------------------------|
| PRESIDENTA        | Mª TERESA PEREIRA GONZALEZ  |
| VICEPRESIDENTA    | ANGELA RODRIGUEZ SANCHEZ    |
| SECRETARIA        | MARÍA LUZ GRANDE BLANCO     |
| TESOUREIRO        | ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ |
| VOGAL             | LEOPOLDINA LOSADA REY       |

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** O xefe/a Territorial de Ourense é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación ALCER-ORENSE de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

(DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE)

